

<i>Área / Unidad</i> JUSTICIA SOCIAL AS0000B JVC	<i>Documento</i> 10514I00MJ	
<i>Código de verificación</i> 2 6 L 4 F 5 1 3 W 1 L 5 S 4 H 0 2 0 1 F 5 M » 2 6 L 4 F 5 1 3 W 1 L 5 S 4 H 0 2 0 1 F 5 M » 6L4F 513W 1L5S 4H02 01F5	<i>Expediente</i> 105/2019/9667	
	<i>Fecha</i> 10-01-2020	
<i>Asunto</i> Ayudas para el transporte en Taxis de Personas con Discapacidad (BONO - TAXI) Ejercicio 2020 - Edición GALLEGO.-		

## CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE EN TAXIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE EXERCICIO 2020.-

### Base 1.- Obxecto e finalidade

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, o obxecto desta convocatoria é a concesión de axudas económicas de carácter individual para persoas con discapacidade en relación á súa mobilidade que lles impida utilizar os transportes públicos colectivos co fin de proporcionarlles un servizo alternativo de taxi para os seus desprazamentos, dentro do marco establecido pola Lei 38/2003, do 17 de setembro, Xeral de Subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; así como o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955.

### Base 2.- Réxime xurídico

2.1. A presente convocatoria rexeráse integramente polas presentes Bases e pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña (BOP nº 40 do 19/02/2005 <http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2005/02/19/1824-0.htm>) e no non previsto de forma expresa por estas, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido na Base 11ª e Base 10ª.2.b) das Bases de Execución do Orzamento municipal do exercicio 2019.

2.2. As bases estarán a disposición das persoas interesadas na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, na páxina web do Boletín Oficial da Provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/> e na Base de Datos Nacional de Subvenciones: <http://www.infosubvenciones.es>

### Base 3.- Crédito orzamentario

3.1. O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 €).

3.2. De conformidade co disposto no art. 56.2 do R.D. 887/2006, esta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito idóneo e suficiente no momento de resolución da concesión, tendo dita contía carácter estimado. No suposto de que o crédito orzamentario no momento da resolución da concesión fose superior á contía inicialmente estimada, o órgano xestor poderá decidir a súa aplicación ou non á convocatoria, previa tramitación do correspondente expediente de gasto antes da resolución, sen necesidade dunha nova convocatoria.

3.3. Este crédito orzamentario é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder.

3.4. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións, no caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria derivada de non consumir o crédito de convocatorias anteriores dos mesmos créditos ou por terse incrementado o seu crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

#### **Base 4.- Límite máximo da subvención para cada actividade ou proxecto**

4.1. O importe global sinalado no punto 3.1 antedito dividirse a partes iguais entre todas as persoas solicitantes que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria sen que a contía concedida a cada unha delas individualmente supere o importe de 3.000,00 €, incluídos, no seu caso, os suplementos procedentes de modificacións orzamentarias.

4.2. Da consignación orzamentaria total poderá reservarse ata un máximo do 5% para atender necesidades sobrevividas de persoas nas que conorra algunha das circunstancias sinaladas na Base 9.1.2, sen prexuízo de posteriores modificacións orzamentarias. A distribución desta cantidade reservada a situacións sobrevividas realizarase tomando como referencia a cantidade mensual asignada ás persoas beneficiarias que presentaron a solicitude no momento da convocatoria. Asignarase esta cantidade multiplicada polo número de meses restantes a contar desde o momento da solicitude.

#### **Base 5.- Compatibilidade**

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustifico pola persoa beneficiaria.

#### **Base 6.- Requisitos das persoas beneficiarias**

6.1. Poderán acceder á condición de persoa beneficiaria das subvencións as persoas con discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia, ou Administración competente; que afecte gravemente á mobilidade e que lles impida utilizar os transportes públicos colectivos sempre que requiran deste medio para o seu desprazamento ao exterior. Esta condición debe quedar acreditada no documento administrativo que certifique a discapacidade.

Sen prexuízo da obriga das persoas beneficiarias de reunir os requisitos exixidos na data de finalización da presentación de solicitudes así como de presentar a documentación pertinente, non poderá ser causa de exclusión a falta de expedición do documento acreditativo no que conste a afectación á mobilidade e uso do transporte público colectivo sempre que expedido este teña data de efectos anterior á finalización do prazo de presentación ordinario de solicitudes. En caso contrario, poderá procederse polo procedemento de necesidades sobrevividas. No referente a certificados de discapacidade que non se pronuncien sobre a mobilidade e o uso do transporte público colectivo, a modificación destes deberá ser instada polas persoas interesadas perante o organismo competente para a súa expedición.

## 6.2. Requisitos das persoas beneficiarias

Son requisitos esixibles ás persoas beneficiarias, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data de finalización de presentación de solicitudes e manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral De Subvencións, os seguintes:

- a) Ser maior de 3 anos.
- b) Residir no Concello da Coruña e constar empadroadado desde, polo menos, 6 meses anteriores á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes. O Concello poderá esixir a acreditación documental deste extremo mediante a presentación de recibos de consumo periódico que acrediten o uso habitual da vivenda.
- c) Ter recoñecida legalmente a condición de persoa con discapacidade mediante resolución (ou documento equivalente) do organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración correspondente na que conste que a discapacidade afecta gravemente á mobilidade e impide utilizar os transportes públicos colectivos.
- d) No caso de que a persoa solicitante se atope en activo, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo. Nin tampouco ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.
- e) Se a persoa é maior de 18 anos, non constar como titular de vehículo. No caso dos menores de idade non emancipados, esta obriga entenderase referida a quen ostente a tutela legal.
- f) Non dispoñer dunha capacidade económica, calculada conforme ao establecido na cláusula 6.4, superior ao 210% do IPREM vixente no ano 2020.
- g) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello da Coruña así como coa Tesourería da Seguridade Social.

6.3. Composición da unidade de convivencia. Consideraranse membros computables da unidade de convivencia os seguintes:

- A/o cónxuxe ou parella de feito.
- Os fillos e fillas menores de 25 anos, o maiores desa idade incapacitados xudicialmente, que convivan no domicilio.
- Os menores en situación de acollemento permanente ou preadoptivo.

No caso de solicitantes menores de idade ou con idade comprendida entre os 18 e 25, cando non estean emancipados (vivenda independente e ingresos inferiores ao SMI), a unidade de convivencia a considerar será a integrada polos seus proxenitores ou titores.

#### 6.4. Cálculo da capacidade económica.

A capacidade económica do solicitante obterase como resultado do cociente da suma dos ingresos anuais de todos os membros da unidade de convivencia e o número de membros que a integran.

Para o cálculo dos ingresos anuais de cada un dos membros da unidade de convivencia teranse en conta os rendementos netos do traballo, do capital mobiliario e inmobiliario, de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais obtidos ao longo do último exercicio fiscal dispoñible.

A efectos do cálculo dos ingresos anuais de cada un dos membros da unidade de convivencia no se terán en consideración as contías das prestacións recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, nin aquelas outras establecidas no artigo 27 da lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero ou aquelas outras de natureza análoga establecidas polas comunidades autónomas.

No caso en que o solicitante acredite por calquera medio aceptado en dereito un cambio na situación económica con respecto á do último exercicio fiscal, terase en consideración á situación actual.

#### **Base 7.- Procedemento: Réxime**

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva. O órgano competente para a aprobación das presentes bases e o inicio do procedemento será a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto na lexislación básica do réxime local.

#### **Base 8.- Procedemento: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento**

8.1. De acordo co establecido no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar, a instrución do procedemento de concesión corresponde á Xefatura do Departamento municipal que ten atribuída a competencia para a xestión deste expediente, que actuará en calidade de órgano instrutor segundo recolle o artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións. Dita competencia entenderase referida á Xefatura de Servizo correspondente.

8.2. O órgano competente para a resolución será a Tenente de Alcalde Responsable de Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, por delegación da Xunta de Goberno Local.

#### **Base 9.- Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes**

9.1. Presentación de solicitudes de subvención.

9.1.1. A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Poderán utilizar o modelo xeral de solicitude que se atopa nos rexistros xerais.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación da devandita convocatoria. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo termina o último día do mes.

Tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Coruña ou por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes cuxa documentación estiver completa, poderán resolverse ata esgotar o crédito orzamentario dispoñible.

9.1.2. Para as situacións sobrevindas poderá solicitarse en convocatoria extraordinaria ata o 30 de setembro de 2020. A participación na convocatoria extraordinaria só será posible cando posteriormente ao prazo ordinario de presentación de solicitudes, se de algún dos seguintes supostos:

- a) Obtención do certificado de discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración equivalente no que conste que esta afecta gravemente á mobilidade e impide a utilización do transporte público colectivo.
- b) Establecemento da persoa solicitante no termo municipal da Coruña con posterioridade á convocatoria, circunstancia que deberá acreditarse mediante certificado de empadramento de data posterior ao da publicación da convocatoria e documentación acreditativa de residencia efectiva no Concello da Coruña. As circunstancias concorrentes serán valoradas polos Servizos Sociais Municipais mediante informe técnico social que o xustifique, no seu caso.
- c) Cumprimento da idade mínima para optar á axuda con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O cumprimento de calquera outro dos requisitos xerais ou específicos con posterioridade ao prazo de presentación ordinario de solicitudes non posibilitará en ningún caso a concorrencia na convocatoria extraordinaria por situacións sobrevindas.

## 9.2. Documentación das solicitudes de subvención.

9.2.1. A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

- a) Solicitude debidamente cumprimentada e asinada, con indicación do nome e apelidos da persoa solicitante ou de quen exerza a representación. Poderá utilizar o modelo xeral de solicitude que se atopa nos Rexistros Municipais.
- b) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de identificación de estranxeiro da persoa solicitante.
- c) Autorización en favor do Concello da Coruña para realizar as seguintes comprobacións (anexo I) ou, en caso contrario, presentación dos correspondentes documentos acreditativos:



- Existencia de certificado de discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración equivalente no que conste que esta afecta gravemente á mobilidade e impide a utilización do transporte público colectivo (solicitante)
  - Certificado de empadramento (todos os membros da unidade de convivencia)
  - Titularidade de prestacións económicas do INSS e/ou SEPE-INEM (todos os membros da unidade de convivencia)
  - Información tributaria da AEAT, correspondente ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas dos exercicios 2018 e/ou 2019 (todos os membros da unidade de convivencia)
  - Certificación de débedas pendentes de pago coa Seguridade Social, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e o Concello da Coruña (solicitante)
- d) Certificación de que a persoa solicitante (ou titor legal, no caso de ser menor de 18 anos) non consta na Dirección Xeral de Tráfico como titular de ningún vehículo.
- e) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para ser persoa beneficiaria de subvencións así como, no caso de ser persoa traballadora, declaración responsable de non ter recoñecido o dereito obxecto desta subvención por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título, ou a través de ISFAS, MUFACE ou outras entidades (anexo II).
- f) Declaración responsable de subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas e demais ingresos xerados para a mesma finalidade e actividade (anexo III).

9.2.2. No caso de que algún dos documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia no que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, indicándoo no modelo de formulario de solicitude.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou a quen ostente a súa representación legal, a presentación do devandito documento ou, na súa falta a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o mesmo, coa anterioridade á formulación da proposta de resolución.

9.2.3. A participación nesta convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva e a aceptación (tanto tácita como expresa) da posible subvención autoriza en todo caso ao Concello da Coruña a levar a cabo cantas comprobacións considere oportunas ao obxecto de verificar ou solicitar novos datos que puidesen afectar ás condicións da subvención. Se do resultado desta comprobación se puxeran de manifesto datos distintos aos manifestados polas persoas usuarias que deseen lugar á concesión de subvencións, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir e, no seu caso, reparar o prexuízo causado, con independencia da procedencia do procedemento de reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

## **Base 10.- Procedemento: Instrución**

10.1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se indica na Base 9.



10.2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

10.3. De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na Base 11 seguinte.

10.4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

#### **Base 11.- Procedemento: Concesión**

11.1. A valoración das solicitudes será efectuada por unha Mesa de Avaliación nomeada pola titular da Concellería ou Tenencia de Alcaldía competente en materia de servizos sociais, e estará en canto á súa composición ao disposto no artigo 17 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello da Coruña o día 11 de abril de 2005.

A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirir ás persoas solicitantes de subvención a información ou documentación aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellora valoración das solicitudes.

11.2 O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, e concederase un prazo de 10 días para presentar alegacións. A proposta de resolución provisional notificarase as persoas interesadas mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña así como na páxina web municipal.

Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas.

11.3. O órgano instrutor á vista do expediente e da documentación presentada, formulará proposta de resolución definitiva, debidamente motivada, que deberá expresar a persoa solicitante ou



relación de persoas solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e se publicará/notificará ás persoas interesadas que foran propostos como beneficiarios na fase de instrución, para que no prazo de dez días comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instrutor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

11.4. O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obre no seu poder despréndese que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas. A proposta de resolución definitiva non crea dereito algún a prol da persoa beneficiaria proposta, fronte á Administración, mentres non se lle notificara a resolución da concesión.

## **Base 12.- Procedemento: Resolución**

### 12.1. Resolución

Á vista das subvencións que constan na proposta de resolución definitiva e que foron aceptadas, o órgano competente resolverá o procedemento.

O acordo de resolución da convocatoria incluirá ademais da persoa solicitante ou relación de persoas solicitantes ás que se lles concede a subvención, no seu caso, de maneira expresa, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras e a convocatoria específica para adquirir a condición de beneficiarios, non sexan estimadas, con indicación da razón da denegación a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma.

Se se renunciase á subvención por algún das persoas beneficiarias, o órgano concedente poderá acordar o reparto do importe da subvención entre o resto de persoas beneficiarias ata esgotar o importe máximo subvencionable. Esa cantidade suplementaria tramitarase como unha nova concesión.

### 12.2. Notificación da resolución

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de tal xeito que, consonte co disposto no artigo 45.1 b) a notificación poderá ser substituída pola publicación no BOP ao tratarse dun procedemento de concorrencia non competitiva, fornecendo os mesmos efectos. Tamén poderá efectuarse a notificación mediante a publicación da relación de axudas concedidas e denegadas nos rexistros municipais, taboleiro de edictos, centros cívicos, páxina web [coruna.es](http://coruna.es) e 010.

O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións é de tres meses, contados a partir da data de publicación da convocatoria. O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentos interromperá o devandito prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O vencemento do devandito prazo máximo sen notificar a resolución, lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.



A concesión de subvención non xera dereito algún á percepción da mesma en futuras convocatorias.

### **Base 13.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento**

13.1. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa

13.2. Contra dita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentencia do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

### **Base 14.- Compatibilidade**

14.1. Os obxectos subvencionados poderán ser obxecto de subvención por outras entidades públicas ou privadas, ou por outros servizos deste concello, sempre que o importe total das mesmas non supere o coste efectivo ou real dos gastos subvencionados.

14.2. O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción as subvencións concedidas por cada unha delas. Con todo, cando sexa o propio concello quen advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por el.

### **Base 15.- Procedemento de entrega dos bonotaxis**

Entrega de "bono-taxis" en soporte papel polo importe total da axuda concedida anualmente, nos prazos que se determinen, que terán validez exclusivamente para o período que neles se consigne.

Os bono-taxi deberán conter:

- a) Valor do bono
- b) DNI e nome da persoa
- c) Firma do beneficiario

Os bono-taxi debidamente cumprimentados terán que ser entregados ao taxista. Os bono-taxi expediranse por importe de 0,5 €, 1 € e 3 €. O beneficiario achegará a moeda fraccionada correspondente por importe inferior a 0,5 €.

### **Base 16.- Procedemento de presentación das facturas**

As facturas pola utilización do bono-taxi deberán acompañarse dos bonos consumidos. A concesión da axuda do bono-taxi con cargo a esta convocatoria implica a cesión do dereito de cobramento aos taxistas ou aos seus representantes, polo que o pago do orzamento total practicarase efectivamente a estes.

Os e as taxistas ou quen exerza a súa representación facturarán ao Excmo. Concello o importe dos servizos prestados, mediante a presentación das facturas dos bono-taxis entregados polas persoas beneficiarias como pago do servizo. O importe da subvención será sempre o total da suma concedida e entregada en forma de bono-taxis, independentemente da cantidade efectivamente utilizada e facturada polos e polas taxistas ou quen exerza a súa representación. Para evitar os efectos fiscais así como de posibles reintegros será necesario proceder á entrega dos bonos e á renuncia da parte correspondente de subvención non utilizada.

#### **Base 17.- Obrigas das persoas beneficiarias**

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 34 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, as persoas beneficiarias das subvención, obxecto desta convocatoria, estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) As axudas para transporte en taxi son persoais e intransferibles. As persoas beneficiarias deberán facer constar a súa sinatura no bono-taxi.
- c) A falsidade dos documentos presentados ou as irregularidades de uso dos bonos entregados, dará lugar ao reintegro do importe dos bonos utilizados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos intereses de mora correspondentes a computar desde o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídas en futuras convocatorias.
- d) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- f) As demais obrigas impostas pola Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei Xeral de Subvencións e polas demais normas reguladoras da materia.

#### **Base 18.- Comprobación das subvencións concedidas**

18.1. O órgano concedente comprobará a axeitada utilización da subvención, o que determinará a concesión ou desfrute da mesma.

18.2. O Concello da Coruña resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a utilización dos bonos é correcta. Por tanto, a persoa beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

18.3. Criterios para a presentación de facturas. En relación co proceso de xustificación dos gastos deberanse ter en conta a aplicación dos seguintes criterios e a presentación da documentación que se indica:

- Xustificarse preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinal ou fotocopia compulsada.
- As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

18.4. Información estatística adicional. No caso de que o Concello da Coruña soliciteo, as persoas beneficiarias das subvencións deberán achegar a información estatística que se lles requira sobre os resultados das actividades ou proxectos subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación que estableza o Concello da Coruña, para ese efecto.

### **Base 19.- Pago das subvencións**

19.1. De acordo co establecido no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 38 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, o pago das axudas concedidas realizarase previa presentación polas asociacións de taxistas dos bonos correspondentes o período facturado xunto coa factura polo importe dos mesmos, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

19.2. O pago realizarase mediante un pago mensual e ingreso na conta bancaria indicada pola entidade.

### **Base 20.- Reintegro das subvencións concedidas**

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 45 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña. Nos casos en que proceda, aplicarase o reintegro parcial, a porcentaxe de incumprimento que se establece no artigo 46 da anterior ordenanza.

### **Base 21.- Causas do reintegro das subvencións concedidas**

21.1. O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial do importe dos bonos utilizados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos intereses de demora correspondentes a computar desde o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias, nos seguintes supostos, ademais dos casos indicados no apartado anterior:

- a) A falsidade dos documentos presentados ou as irregularidades de uso dos bonos entregados.
- b) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento total ou parcial da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei Xeral de Subvencións, e á que se refire a Base 18.g) da presente convocatoria.

- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos, nos termos que se establecen no artigo 45.5º da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña.
- f) Incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- g) Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e no artigo 45 de a Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

21.2. Así mesmo, procederase ao reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas supere o custo total da actividade ou proxecto de que se trate.

21.3. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei Xeral de Subvencións e 9 e seguintes do Regulamento Xeral de Subvencións.

21.4. En todo caso, durante a tramitación do procedemento de reintegro garantirase o dereito da persoa interesada ao trámite de audiencia.

21.5. En calquera momento poderá a persoa beneficiaria dunha subvención desistir ou renunciar a súa concesión, sen prexuízo das responsabilidades as que, nalgún suposto, houbera lugar e sen que, producido xa o abono da mesma, deba procederse a súa devolución conforme o procedemento de reintegro de subvencións citado.

## **Base 22.- Infraccións e sancións**

22.1. Constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

22.2. Poderanse impor as sancións tipificadas nos artigos 59 a 63 da Lei Xeral de Subvencións axustándose ao procedemento sancionador previsto nos artigos 52 a 58 e 66 a 69 da citada Lei e sendo o órgano competente para a súa resolución o mesmo órgano que ten atribuída a competencia para a resolución de concesión e aboamento das subvencións, é dicir, a Tenente de Alcalde Responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación por delegación da Xunta de Goberno Local.

## **Base 23.- Recursos**

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

## **Base 24.- Información Adicional**

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, e na Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación, sito en

sito en Fernández Latorre nº 64-66. Entrechan, CP 15006, A Coruña), de forma presencial ou no teléfono 981 184 200.

#### **Base 25.- Protección de datos de carácter persoal**

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 9 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello da Coruña.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer, directamente ou por medio de representante legal ou voluntario, ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679, a través da na Sede electrónica do Concello da Coruña:

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites;jsessionid=61A9B72F447B438E39A3ADD6D951982La?method=enter#l62>

#### **Base 26.- Publicidade das subvencións no Portal da Transparencia**

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e persoas beneficiarias será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-lagestion/subvenciones-y-ayudas>.

**Disposición Adicional Primeira.-** Dándose o caso de que na data de publicación desta convocatoria a Lei de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2020 non se atope aprobada e publicada, o IPREM vixente entenderase como o correspondente ao ano 2019 (que ascende a 7519,59 euros en cómputo anual) para todo o período de vixencia da presente liña de axudas.

**Disposición Adicional Segunda.-** Dado que as presentes bases son obxecto de publicación en ambas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, en caso de discrepancia entre ambas as dúas versións a preponderante será a versión en lingua galega.

A Coruña, na data de sinatura dixital deste documento.

A Tenente de Alcalde, Responsable da área de Igualdade, Benestar Social e Participación,

## ANEXO I

### AUTORIZACIÓN PARA CONSULTA DE DATOS OU DOCUMENTOS DE CARÁCTER PERSOAL DOUTRAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS POR PARTE DOS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

#### 1. DATOS DO INTERESADO

DNI	NOME E APELIDOS
-----	-----------------

#### 2. AUTORIZACIÓN PARA CONSULTA DE DATOS OU DOCUMENTOS

Autorizo ao Concello da Coruña a consultar, para o recoñecemento, seguimento e control da axuda para transporte en taxi de persoas con discapacidade, os seguintes datos ou documentos:

<input type="checkbox"/>	Existencia de certificado de Xunta de Galicia discapacidade a nome do solicitante no que conste que esta afecta gravemente á mobilidade e impide a utilización do transporte público colectivo	
<input type="checkbox"/>	Certificado de empadramento	Concello da Coruña
<input type="checkbox"/>	Titularidade de prestacións económicas do INSS e/ou SEPE-INEM	Instituto Nacional da Seguridade social
<input type="checkbox"/>	Información tributaria	Axencia Estatal da Administración Tributaria
<input type="checkbox"/>	Certificación de débedas pendentes de pago do solicitante	Tesoureira Xeral da Seguridade Social Axencia Estatal da Administración Tributaria Concello da Coruña

No caso de non autorizar a consulta, deberá presentar a correspondente documentación.

A autorización concedida terá validez mentres a persoa interesada sexa beneficiaria do servizo, podendo cada autorizante revogar a súa autorización en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello.

#### 3. DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

DNI	NOME E APELIDOS	
RELACIÓN DE PARENTESCO	SIGNATURA	
DNI	NOME E APELIDOS	
RELACIÓN DE PARENTESCO	SIGNATURA	
DNI	NOME E APELIDOS	
RELACIÓN DE PARENTESCO	SIGNATURA	
DNI	NOME E APELIDOS	
RELACIÓN DE PARENTESCO	SIGNATURA	
DNI	NOME E APELIDOS	
RELACIÓN DE PARENTESCO	SIGNATURA	

A Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020



## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA SER PERSOA BENEFICIARIA DE SUBVENCÍONS

#### DATOS DO INTERESADO

DNI	NOME E APELIDOS
-----	-----------------

#### DECLARO:

- Non estar incurso/a en ningún suposto de prohibición para ser beneficiario/a de subvencions.
- Non ter recoñecido/a o beneficio obxecto da subvención por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título, nin tampouco a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade

A Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020



**ANEXO III**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS SOLICITADAS, CONCEDIDAS OU PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE E ACTIVIDADE**

**DATOS DO INTERESADO**

DNI	NOME E APELIDOS
-----	-----------------

**DECLARO:**

- Que NON solicitei nin percibín ningún tipo de subvención ou axuda doutras administracións públicas ou entidades, tanto públicas como privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade que a axuda para o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña.
- Que SI solicitei ou percibín as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE	ESTADO*

\* Indíquese o que corresponda: S solicitada, C concedida ou P percibida.

Comprométese a comunicar ao Concello da Coruña calquera variación que se produza na información facilitada con data posterior á presentación desta solicitude.

A Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020